

## CONDICIÓNS XERAIS DE PARTICIPACIÓN EN ARTE DE MAN

1. A organización do Mercado Arte de Man corresponde á área de Promoción Económica do Concello de Allariz con sede na rúa O Portelo, 4 – 2º andar, 32660 Allariz.  
Teléfono 988 442 210 – email [dinamizacioneconomica@allariz.com](mailto:dinamizacioneconomica@allariz.com)
2. O evento ten lugar, anualmente, durante a xornada do segundo domingo do mes de setembro no casco histórico de **Allariz** en horario de **11:00h a 20:00h**.
3. A inscrición pode formalizarse a través da páxina [www.allariz.gal/artedeman](http://www.allariz.gal/artedeman) ou do correo electrónico [dinamizacioneconomica@allariz.gal](mailto:dinamizacioneconomica@allariz.gal).  
A inscrición para participar como expositor/a e/ou como obradoiro realizase enchendo correctamente o documento de inscrición que estará suxeito á aceptación das presentes condicións xerais de participación.
4. A inscrición deberá realizarse ata a data límite anunciada pola organización. Polo contrario a organización poderá desestimar a súa participación. O prazo de recepción de solicitudes para o **Mercado Arte de Man 2021** comezará o día **21 de xuño** e rematará o **23 de xullo** do presente ano, ambas datas incluídas.
5. O posto e o espazo designado polo organización deberá permanecer aberto ao/á visitante durante as horas de funcionamento da exposición e asistido polo persoal da responsabilidade do/a expositor/a. Horario ininterrompido de **11:00h a 20:00h**.
6. Todos/as os/as expositores/as e participantes autorizan á organización a utilizar todas as imaxes ou vídeos que se realicen durante o evento coa fin da súa promoción.
7. **REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN.** Poderán solicitar a participación en **Arte de Man** aqueles obradoiros artesanais cuxa produción sexa artesanal e de elaboración propia. **Será requisito principal que cada artesán/á faga demostración en vivo do seu traballo ao longo da xornada.**
8. **SELECCIÓN DE PARTICIPANTES.** A área de Promoción Económica de Allariz xunto con artesáns/ás locais serán os/as encargados/a de decidir a participación dos/as solicitantes en base aos seguintes criterios de prioridade para a súa selección:
  - Calidade do produto, singularidade e diversidade de oferta e de oficios. Tendencia e deseño.
  - Será prioritaria a mostra do oficio en vivo durante a feira
  - Valorarase positivamente a que os solicitantes posúan a carta de artesán/á.
9. A resolución será comunicada a cada solicitante por correo electrónico nun prazo non superior a 7 días hábiles dende a data de fin de presentación de solicitudes.
10. **INFRAESTRUTURA.** O Concello de Allariz, **de xeito gratuíto**, pon un posto a disposición de cada participante.  
O posto, de madeira, mide 2,40 m de longo e 0,90 m de ancho e 0,90 m de alto. Incorpora un tellado e vai recuberto, no frontal, cunha tela branca que a organización pon a disposición do expositor. Corre a cargo do expositor traer a decoración precisa para a exposición do seu produto atendendo ás indicacións da organización. En ningún caso se permitirá a montaxe de elementos construtivos ou de decoración que sobre pasen do posto.

- 11. MONTAXE.** A organización establecerá os horarios para a montaxe e desmontaxe e a entrada dos materiais a expoñer. Ao remate do evento os postos e demais elementos deberán entregarse no mesmo estado no que foi recibido.
- 12.** Para garantir o carácter do evento o/a expositor/a non pode, en ningún caso, ceder o dereito de ocupación do seu posto ou espazo, nin promover ou permitir a promoción de artigos ou actividades que non estean previstas pola organización. A falta de cumprimento desta condición poderá implicar o cese da súa participación.
- 13.** Non se permitirá a exposición nin distribución de produtos que, polas súas características, sexan un factor de perturbación para os/as demais expositores/as ou visitantes. Ou que podan danar as instalacións.
- 14. ATRIBUCIÓNS DA ORGANIZACIÓN** No uso das súas competencias a organización poderá adoptar as medidas que considere oportunas para o correcto desenvolvemento do Mercado, reservándose o dereito a realizar cambios nas datas e horarios durante o desenvolvemento da Feira así como de decidir os oficios que poderán participar na Feira. A distribución e localización dos postos realizarase segundo criterio da organización así como a estética dos expositores para salvagarda a imaxe do evento.

A organización resérvase o dereito a fotografar ou filmar aos artesáns, postos e produtos expostos na Feira, podendo utilizar estas imaxes nos seus documentos internos, páxina web e redes sociais, así como publicacións e promocións oficiais. Resérvase o dereito de colocar paneis de información xeral ou calquera outro elemento valorizados da exposición nos lugares que considere oportunos e non poderán cubrirse nin retirarse.

A organización non será responsable das consecuencias resultantes, para o/a expositor/a, de situacións especiais ou de vecindade pola distribución que se realice dos postos e demais espazos, así como non se fai responsable das vendas, nin dos roubos nin furtos que podan acontecer. É de responsabilidade dos/as expositores/as a seguridade dos artigos expostos en todo momento.

Rúa O Portelo,4 -2º andar 32660 Allariz – Ourense

Teléfono 988 442 210 – 678 680 700

e-mail: [dinamizacioneconomica@allariz.gal](mailto:dinamizacioneconomica@allariz.gal)